

Propiedade intelectual: implicacións, tendencias e cambios no libro electrónico

«O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino»,
Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación, A Coruña 25 -10-2010

Manuel Bragado Rodríguez
Director de Edicións Xerais de Galicia S.A.
<http://bretemas.blogaliza.org>

Agradezo moi sinceramente o convite que me realizaron os organizadores destas xornadas sobre «Libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino» para presentar a miña visión sobre o libro electrónico.

Entendo que é só a miña condición de editor, máis especificamente, [editor educativo en lingua galega](#), a que xustifica que se me asignase falar especificamente da cuestión da propiedade intelectual. Non agardedes de min unha intervención moi erudita en cuestións xurídicas, xa que apenas as abordarei de esguello.

O verdadeiramente importante, na miña opinión, é identificar as tendencias (ninguén ten certezas, mesmo os gurús que prodigan a moi bo prezo os seus [discursos nos foros prospectivos](#)) sobre como se está producindo o [tránsito cara a comunicación cultural dixital](#); un proceso do que todos somos protagonistas, coas nosas accións proactivas ou as [nosas resistencias](#) creativas.

Neste tipo de intervencións non adoito utilizar o recurso impactante das presentacións en ppt. Prefiro proxectar un texto dixital con enlaces, o que me parece moito máis representativo da actual literacidade. O texto en pdf está a vosa disposición nunha [anotación](#) do meu [blog brétemas](#).

Dividirei o parlamento en tres partes:

–Na **primeira** parto do concepto de [literacidade electrónica](#) coa intención de explicar a mudanza do actual paradigma da comunicación cultural e, polo tanto, da lectura (a que denomino lectura XXI ou 2.0), da edición e da biblioteca.

–Na **segunda**, partindo dunha definición de libro electrónico, repaso as **modalidades de edición dixital** que estamos abordando xa na actualidade os editores galegos: a dos obxectos dixitais educativos; a dos e-books ou libros electrónicos; a dos produtos lexicográficos e outros contidos «on line»; a das experiencias dixitais multimedia; a dos audiolibros e a da impresión dixital baixo demanda ou de baixas tiradas.

–Na **terceira** abordo o que enterndo son os temas principais relativos á propiedade intelectual da edición dixital: o debate sobre os modelos de negocio da edición dixital, que inevitablemente nos levará a abordar a cuestión da gratuidade, o emprego das licenzas Creative Commons, a utilización dos sistema de xestión de dereitos dixitais (DRM) e o contido dos contratos de cesión de dereitos dixitais de edición.

Se quedase tempo, o que moito dubido, falaríamos das implicacións do modelo de «Libros na nube», que comeza a substituír aos modelos actualmente en uso.

PRIMEIRA PARTE: UN NOVO PARADIGMA PARA A LECTURA E A EDICIÓN

Literacidade electrónica

A cada tempo correspóndelle unha forma característica de ler e escribir. A lectura e a escritura sendo actividades individuais que requiren esforzo e atención conformáronse, como sinala o pedagogo Paulo Freire, como prácticas sociais e culturais saudables inseridas sempre nunha comunidade e tempos concretos. Ese é o fenómeno social que cualificamos como [«literacidade»](#) ou «cultura escrita».

As novas tecnoloxías dixitais propiciaron a consolidación dun novo paradigma comunicacional: o da literacidade electrónica globalizada. Durante os últimos quince anos, debido aos desenvolvementos imparables e exponenciais dos fenómenos da telefonía móbil, de Internet e das linguaxes dixitais (html, xml...), formatos (jpeg, pdf, mp3, epub...) e estándares tecnolóxicos (especialmente a irrupción do chamado software libre) a eles asociados, foise conformando a cultura escrita dixital, un novo xeito de ler e escribir sobre as pantallas. Un paradigma do que ninguén pode quedar alleo e do que ningunha identidade cultural, se quere existir no futuro inmediato con garantía algunha, pode quedar fóra.

Somos testemuñas e actores, sen telo escollido, da revolución comunicacional máis trascendental que ideou, dende hai cinco séculos, a humanidade, tras a invención da imprenta de tipos móbiles: a da expansión mundial da comunicación electrónica. Hoxe, grazas a estas tecnoloxías electrónicas, unha parte significativa da nosa sociedade xa le, escribe e goza das creacións culturais de forma diferente a como o facía só hai apenas cinco anos.

En *Tras las líneas* (Anagrama, 2006), o profesor [Daniel Cassany](#) argumenta que esta revolución dixital en marcha está provocada pola aparición dun novo discurso social sobre a lectura, a actividade cognitiva central deste proceso, que denomina «literacidade electrónica».

Fronte ao tradicional das tecnoloxías analóxicas impresas, ao xeito de nova vertixe, consolídase un novo discurso, un novo tipo de lectura urdida coas utilidades que lle son propias á prosa electrónica das pantallas de teléfonos móbiles, ordenadores, dispositivos portables de tinta electrónica ou das chamadas «táboas dixitais» como o IPAD de Apple ou o Galaxy Tab de Samsung.

Hoxe lemos, escribimos ou accedemos con pasmosa facilidade á enorme cantidade de información textual e audiovisual arquivada en Internet. Facémolo de forma moi diferente a como consultamos unha enciclopedia ou un dicionario en papel, ou como e onde lemos unha novela ou un folleto informativo, porque utilizamos unhas ferramentas que nos proporcionan posibilidades comunicacionais e culturais poderosas e amigables que, no devir duns poucos anos, mesmo duns poucos meses poden achegarnos outras posibilidades hoxe descoñecidas ou simplemente que non somos quen de imaxinar.

A revolución na comunicación cultural provocada por esta nova literacidade non está tanto nos soportes ou na interface das pantallas que actualmente empregamos (sexa a dos teléfonos móbiles, ordenadores persoais, dispositivos de tinta dixital, táboas dixitais ou consolas de vídeoxogos) senón no propio contido.

Eis, nesa centralidade do contido electrónico sobre o soporte é onde reside realmente o cambio do paradigma comunicacional do que estamos falando. Un contido electrónico enriquecido polas

utilidades que, tanto para o autor como o lector, supoñen a súa hipertextualidade, intertextualidade, multimodalidade e multilectura.

A [hipertextualidade](#) –a posibilidade de realizar enlaces electrónicos dentro dun mesmo texto– permite ao autor xerarquizar e ordenar a presentación da información ou da creación literaria dunha forma recorrente e esférica e ao lector acceder a ela de forma discontinua.

A [intertextualidade](#) –a posibilidade de enlazar con outros textos electrónicos externos ao texto, presentes na rede ou nun entorno dixital pechado (no caso dos libros electrónicos en soporte off line)– permite ao autor establecer un sistema amplísimo de citación e ao lector acceder a un macrotexto referencial de autoría compartida.

A [multimodalidade](#) –a presenza unitaria nun texto de palabras, sons e imaxes interactuando entre elas– permite ao autor crear unha nova textura (un xénero discursivo multimedia, ao que compriría atoparlle denominación) que require ao lector o emprego de novas estratexias cognitivas.

Por último, a multilectura plurilingüe e intercultural –fenómeno característico do Internet de hoxe, que fai referencia ao comportamento do lector que emprega simultaneamente varias pantallas onde aparecen textos, escritos en idiomas diferentes, procedentes de contextos culturais diversos– crea un novo contexto de linguas e culturas que derruba de facto fronteiras e confronta identidades.

Lectura XXI ou lectura 2.0

Desprazada a preeminencia do soporte analóxico sobre o contido, o novo paradigma de comunicación cultural electrónica asume a lectura como o seu elemento central, modificando radicalmente as funcións que desempeñan as industrias e as institucións da cultura analóxica, especialmente o papel dos editores e das bibliotecas.

A lectura convértese así na actividade que caracteriza a comunicación cultural, concibida como un elemento transversal entre os soportes impresos e electrónicos. Deste xeito, xa non é posible definir o libro, como se veu facendo ata agora, como un ben cultural impreso dun determinado número de páxinas encadernadas; senón, como establece a nova [Lei 10/2007 da Lectura, o libro e as bibliotecas](#), como «a obra científica, literaria ou de calquera outra clase que constitúe unha publicación unitaria, editada nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura».

Con esta redefinición, recoñécese que o característico do mundo do libro non reside xa no soporte (sexa analóxico-impreso ou dixital-electrónico) e, si pola contra, na actividade que promove, a lectura. Máis aínda, subindo un novo chanzo debemos insistir en que o fenómeno da lectura é hoxe máis amplo co expresados polos soportes impresos (libros, xornais e revistas) e, polo tanto, sería moi perigoso crer que xogan en idéntico terreo.

A lectura xa non pode ser identificada como un hábito de lecer de minorías ou élites vencellado ao goce das obras literarias impresas. A lectura na sociedade do século XXI debe ser considerada como unha competencia imprescindible, adquirida por todos os cidadáns, que permite comprender criticamente un mundo saturado de textualidade, sexa impresa ou dixital.

A lectura, concibida con esta radicalidade de ferramenta crítica, e o seu fomento –vencellado,

tamén no caso galego, á potenciación dos procesos de alfabetización informacional e normalización lingüística– entre todos os sectores sociais e segmentos de idade debería transformarse na prioridade de todas as políticas culturais, educativas e de igualdade a desenvolver no país.

Concibida a lectura deste xeito, [modifícase o papel dos editores e da industria do libro](#) que no futuro ha de estar centrada de forma xenérica sobre a produción e distribución de contidos culturais escritos.

Outrosí sucede coa biblioteca concibida agora como unha institución cultura pública especializada no acceso dos cidadáns á lectura. A [biblioteca](#), neste novo modelo comunicacional electrónico, transformase na primeira institución cultural de cada comunidade local para acceder á nova Sociedade do Coñecemento, especializándose como un punto de acceso público tanto á rede comunicacional dixital como aos fondos documentais analóxicos.

O mesmo acontece coas bibliotecas escolares que se transforman na primeira aula de cada centro educativo, sendo o punto máis especializado no fomento da actividade lectora (un eixo transversal de toda a actividade educativa) e do acceso á información e documentación.

SEGUNDA PARTE: LIBRO ELECTRÓNICO E TIPOS DE EDICIÓN DIXITAL

Concibido o libro e a edición, tal como expuxemos, non podemos identificar o libro electrónico cun soporte determinado. O libro electrónico ou a edición dixital ou electrónica, termo que eu preferiría, é aquela obra que utiliza algunha das utilidades da prosa electrónica (hipertextualidade, intertextualidade, multimodalidade e multilectura), puidendo ser [lida en pantallas](#) ou escoitada nalgún tipo de dispositivo.

Non deixa de ser moi curioso o reduccionismo no que incorre a definición do libro electrónico, dixital ou ecolibro, publicada actualmente na [Wikipedia](#), [caracterizándoo como a versión dixital dun libro](#). Con todo, na versión española, xa abre a posibilidade de [identificar o libro electrónico co hipertexto](#), e mesmo co proxecto [Wikisource](#), de textos dixitais nativos que son de dominio público ou empregan as licenzas [Creative Commons](#) ou [GFDL](#).

Até o que coñecemos identificamos diversas modalidades de edición dixital ou de obras que poden ser consideradas como libros electrónicos. A maioría delas están comezando a ser editadas tamén en Galicia e en galego.

Libros dixitais ou e-books

Aquelas obras de prosa electrónica destinadas a ser lidas en lectores electrónicos portables, sexan de tinta dixital («e-readers») ou utilicen procedementos de computación («táboas dixitais» ou ordenadores).

Esta modalidade centra hoxe case todo o debate arredor da edición dixital, tanto no que atinxe á viabilidade da cadea de valor artellada nos diversos tipos de negocio existentes na actualidade ([Amazon](#), [Ibookstore](#), [Numilog](#), [Libranda](#), [Todoebook](#), [Meubook](#)...), dos criterios de usabilidade dos lectores portables electrónicos actuais ([Kindle](#), [Nook](#), [Sony](#)...) e da competencias que supoñen para eles as «táboas dixitais» ([IPAD](#), [Galaxy Tab](#)...) ou mesmo a [telefonía móbil](#), dos formatos e estándares de edición ([Epub](#), [Mobipocket](#)) ou dos sistemas de encriptación utilizados ([DRM](#), ...).

Dicionarios e servizos de documentación en liña

Aquelas obras de referencia que utilizan os procedementos de prosa electrónica e son ofrecidas como servizo de consulta on-line ou off-line, tanto gratuítos como de pagamento.

Esta modalidade de edición electrónica está xa moi desenvolva, ofrecendo algúns modelos moi consolidados de negocio na edición técnica e especializada: [xurídica](#), [lexicográfica](#)...

Materiais educativos dixitais

Dacabalo das dúas modalidades anteriores, o desenvolvemento dos materiais curriculares que utilizan as utilidades da prosa electrónica aparece vencellado aos proxectos de [«Escola 2.0»](#) de incorporación das tecnoloxías dixitais ás aulas.

No eido educativo son moi diversos os tipos de edición dixital, dende a creación de [entornos educativos dixitais](#), pasando polas obras destinadas a ser utilizadas en [encerados dixitais interactivos](#), os materiais curriculares dixitais de área («[libros de texto dixitais](#)») distribuídos por procedemento on-line ou off-line, até os obxectos educativos dixitais elaborados polo profesorado e compartidos na rede empregando [licenzas Creative Commons](#).

Neste eido educativo, ao abeiro da implantación nas diversas Comunidades Autónomas dos seus

proxectos de Escola 2.0, como é en Galicia o caso do [proxecto Abalar](#), o sector editorial privado e as administracións educativas comezan a ensaiar modelos de negocio dixital educativo, na maior parte dos casos, baseado na cesión de licenzas de alumno/a por materia e curso.

Obras dixitais multimedia

Xa sinalamos ao comezo, que a textualidade electrónica promove a aparición dun novo xénero discursivo multimodal, ao que nin sequera lle temos aínda nome. Empregando estas posibilidades entendo que se vai desenvolver a edición dixital infantil, como demostran as experiencias de animación, empregando a [técnica](#) da [stop-motion](#), nas que está traballando editoras galegas como OQO. As primeiras aplicacións de IPAD van nesta mesma liña.

Audiolibros

Os audiolibros son, sen dúbida, libros dixitais, a pesar de que non precisen pantallas para a súa lectura, xa que utilizan o carácter multimodal da prosa electrónica. Esta modalidade é moi común na edición comercial anglosaxona, porén, entre nós aínda está pouco desenvolvida.

Na Lei do Libro e a Lectura de Galicia de 2006 estaba previsto apoiar a creación da Audioteca da literatura galega. Coa excepción dalgunhas experiencias, promovidas pola Radio Galega e Xerais, así como polo Consello da Cultura Galega, son escasos os audiolibros en galego. A apertura desta vieiro de edición electrónica semella moi probable xa que tería moi boa acollida no sistema bibliotecario público e no eido escolar, así como nas persoas con dificultades visuais, ou en xeral para todas aquelas que prefiran gozar dos textos lidos.

Impresión dixital baixo demanda

A posibilidade de [edición en papel baixo demanda](#) ou en baixas tiradas, complementada coa de e-books é outra das modalidades de edición dixital actual, non tanto pola utilización das utilidades da prosa electrónica, como manifestación do porceso de convivencia entre soportes deste tempo de tránsito. A impresión baixo demanda está permitindo manter os catálogo vivos e actualizados, ao tempo que aumentar as posibilidades de edición para textos ou proxectos inviables empregando os sistemas de impresión analóxicos tradicionais.

TERCEIRA PARTE: A PROPIEDAD INTELECTUAL NA EDICIÓN DIXITAL

Algúns principios para achegarse ás relacións entre edición dixital e propiedade intelectual

–A protección da propiedade intelectual constitúe un requisito para o progreso das ciencias e das artes.

–O recoñecemento da autoría dunha obra científica ou artística configura uns dereitos de creación e de comunicación pública que asiste aos seus autores. A lei plasma estes dereitos na figura copyright, ou dereito de copia, como dereitos patrimoniais.

–Os propietarios do copyright (autores, editores ou herdeiros) teñen dereito a decidir sobre a forma de explotar as súas obras e xestionar os seus dereitos: permitindo a cesión comercial ou non comercial, autorizando que se fagan ou non obras derivadas da propia.

–As diversas modalidades de edición dixital están artellando novas cadeas de valor para o seus negocios, diferentes ás da edición analóxica impresa, que supoñen unha nova ponderación do copyright dos autores.

–Os cidadáns teñen dereito a un acceso libre á información (sexa a contida en Internet, a depositada nas bibliotecas ou nos servizos de información), sen importar o soporte e as fronteiras, debéndose eliminar todas as barreiras para a circulación da información, especialmente as que fomentan a desigualdade e a pobreza. Finlandia foi o primeiro país do mundo que o pasado 1 de xullo recoñeceu o acceso a Internet como un dereito de todos os cidadáns, idéntica medida á que Obama propuxo ao Congreso.

–O dereito universal de acceso a Internet non debe ser identificado co acceso gratuíto a toda a información dispoñible na rede.

A polémica da gratuidade

A gratuidade asociada a Internet, e por extensión a todo o dixital, é unha das cuestións máis polémicas do que temas que hoxe abordamos.

O economista Christian Anderson, –editor de Wired e un dos gurús de Internet (creador da teoría da longa cola), publicou en febreiro de 2008, un artigo, titulado «Free» que conmocionou o sector editorial internacional e, dende entón, influíu nos novos negocios que se desenvolveron en Internet.

A tese de Anderson pode resumirse no seguinte: nunha economía como a de Internet na que os custes tenden a cero, o futuro dos negocios alí xenerados será a de ofrecer produtos gratuítos. O Internet actual representa para Anderson a extensión do modelo de negocio gratuíto dos medios de comunicación (fundamentalmente da televisión e da radio) ás industrias de todo tipo.

Anderson propón seis versións de gratuidade:

- freemium (só algúns pagan pola versión completa do produto ou do servizo),
- publicidade (o modelo da radio e da televisión),
- subsídios cruzados (vender o produto por baixo do custo,agradando recuperalas polas vendas dos produtos asociados),
- custe marxinal cero (custes inapreciables),
- intercambio de traballo (o usuario enriquece o produto),

–economía do agasallo (cómpartese o contido).

Para Anderson todo o que roza o dixital tende, inexorablemente, a ser gratuíto, o que non significa que non supoña negocio. Con todo, a súa insistencia de que no momento no que unha actividade aborda o dixital ou se insire en Internet, o gratuíto non é xa unha opción, é a única opción.

Na provocadora análise de Anderson, que influíu na posta en marcha de novos negocios na rede como Spotify ou Last FM, temos outro reto para analizar a vaibilidade da cadea de valor das diversas modalidades da edición dixital.

As licenzas Creative Commons

As licenzas Creative Commons son unha ferramenta ideal para aqueles autores que queren protexer o seu dereito de autoría e comunicación pública, ao tempo que desexan compartir na rede a súa obra creativa. Estas licenzas combinan catro condicións, referidas ao recoñecemento comercial e á posibilidade de realizar obras derivadas, o que dá pé a seis tipos diferentes.

O seu carácter máis flexible, a xestión directa por parte do autor, fai destas licenzas as máis axeitadas para a abordaxe da autoría compartida (como son, xeralmente, os de carácter educativo) e para facilitar acceso a aqueles contidos aos que non se accede por medio da adquisición do produto; porén, teñen a limitación de que non amparan os dereitos daqueles autores que deciden explotar comercialmente o seu copyright na rede.

Os sistemas de encriptación: o debate sobre o DRM e o DRM social

Os modelos de distribución de obras de edición dixital con carácter comercial utilizan sistemas de encriptación coa intención de limitar o acceso só a aqueles usuarios de pagamento. O máis coñecido destes sistemas é o DRM (Xestión de Dereitos Dixitais), cuxo emprego constituíu un fracaso no eido da industria musical, e que, porén, na versión de Adobe é o máis utilizado na actualidade na distribución de e-books. Amazon e Apple teñen os seus DRM propios e os seus propios aparellos Kindle e Ipad ou Iphone.

A utilización de DRM na xestión da comercialización de libro electrónico presenta importantes limitacións para asegurar o dereito dos seus usuarios a realizar unha copia privada ou a utilizar o arquivo adquirido en varios dispositivos, ademais da posibilidade de ser rebentados e inútiles para evitar o intercambio gratuíto de arquivos. A imposibilidade (ou enorme dificultade) para o préstamo do libro electrónico (incluído o imprescindible «préstamo bibliotecario») é outra das súas carencias.

Fronte a estas limitacións do DRM, o chamado DRM social ou Fingerprinting ofrécese como alternativa. Consiste na inclusión dos datos do comprador no arquivo como marcas de auga, un estilo de personalización semellante a asinatura ou a marca de ex-libris que algúns lectores realizan cando adquiren un libro impreso. Un modelo non restritivo, que permite compartir os arquivos, utilizado aínda por unha minoría de editores de libro electrónico que adoitan ofrecer prezos máis económicos que aqueloutros que utilizan o DRM.

A cesión dos dereitos dixitais nos contratos de edición

As diversas modalidades de edición dixital requiren un novo marco para a cesión dos dereitos dixitais. A actual lexislación de propiedade intelectual nin moito menos nos contratos de edición asinados entre autores e editores para a edición de obras analóxicas, contemplan a nova

casuística deste tipo de edición. A interpretación restritiva da lei non ampara a cesión destes dereitos.

Para [Jordi Martí](#), especialista en dereitos dixitais, a contratación destes dereitos de explotación para o ámbito dixital debe ser diferenciado dos da edición analóxica, xa que o editor debe adquirir de cada obra o dereito de transformación, o dereito de almacenamento e reprodución (a fixación da obra en discos duros) e o dereito á comunicación pública ou distribución.

Para cada unha das obras, habería tres modalidades de explotación a contemplar: a descarga (on-line ou off-line), o streaming (o previsible futuro dos libros da nube) e os acordos de suscripción. Corresponderá ao editor a fixación dos metadatos (entre eles o prezo e a utilización do DRM, no seu caso).

No contrato de cesión de dereitos dixitais deberían figurar:

- alcance das modalidades (descarga, streaming ou acordos de suscripción), dos formatos (pdf, epub, mobipocket...), dos soportes de visualización (e-readers, smarphones, computadoras...) e da utilización ou non de DRM;
- ámbito territorial e redes utilizadas (non só Internet, hai que contemplar outras redes telemáticas, 3G...);
- período de cesión e as súas restricións (no caso de distribución on-line non está sometida á limitación dos 15 anos estipulada na actual Lei de Propiedade Intelectual para o formato analóxico);
- bases da remuneración;
- exclusividade ou non (isto pode variar moito a remuneración que se proporcione ao autor),
- posibilidade de cesión de dereitos e obrigas a terceiros (xeralmente, a plataforma que xestiona a o almacenamento e comercialización da obra);
- regulamento da promoción.

Facer chegar comentarios a bretemas@gmail.com